



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	A Simulación como ferramenta de deseño de políticas de RRHH	Código	760492015	
Titulación	Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral (Plan 2011)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEmpresa			
Coordinación	Sánchez Fernández, Maria Dolores	Correo electrónico	maria.sanchezf@udc.es	
Profesorado	Sánchez Fernández, Maria Dolores	Correo electrónico	maria.sanchezf@udc.es	
Web	http://mariadoloresanchezfernandez.blogspot.com.es/p/recursos-humanos-20.html			
Descrición xeral	Contidos relacionados coa práctica realizada na empresa no entorno aos Recursos Humanos			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Adquirir coñecementos para unha idónea organización laboral nos cadros de persoal.
A9	Tomar decisións e buscar solucións consensuadas a problemas complexos relativos á situación socio-laboral da empresa.
A10	Seleccionar as opcións estratéxicas de Recursos Humanos máis acomodadas á contorna multidisciplinar da empresa.
A11	Elaborar planes de Recursos Humanos, coherentes co obxectivo a acadar.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B7	Desenvolver os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B9	Desenvolver a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
B12	Seleccionar e confeccionar os contratos de traballo adecuados a cada situación laboral.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Realizar de forma axeitada o proceso de xestión e selección na empresa	AP8	BP1
	AP9	BP2
	AP10	BP3
	AP11	BP4
		BP5
		BP7
		BP9
		BP12



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Simulación. O CV	1. Simulación. O CV
2. Simulación. Entrevista e presentación	2. Simulación. Entrevista e presentación
3 Simulación. Políticas de RRHH	3 Simulación. Políticas de RRHH

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B12	9	15	24
Sesión maxistral	A8 A10 A11 B1 B2	9	9	18
Aprendizaxe colaborativa	A9 A10 A11 B1 B7 B9 B12	10	10	20
Aprendizaxe servizo	A8 A9 A10 A11 B7 B9	3	8	11
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Realizaránse prácticas individuais por meio das TIC`s
Sesión maxistral	Explicaránse os principais conceptos teóricos. Se a situación o permite faranse sesións de intercambio virtual con outra universidade.
Aprendizaxe colaborativa	Faránse simulacións asumindo diferentes roles e traballarase en colaboración mediante grupos. Se a situación o permite faranse sesións de intercambio virtual con outra universidade.
Aprendizaxe servizo	Realizaráse o traballo en grupo mediante a utilización das TIC`s e colaboración coas entidades de tercer sector.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo Prácticas a través de TIC Aprendizaxe colaborativa	Prácticas simuladas en grupo e titorías en grupo e individuais para toda tipoloxía de alumnado mediante a utilización do Moodle, teams e correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A8 A9 A10 A11 B7 B9	Prácticas por subgrupos mediante a colaboración en tarefas	20
Prácticas a través de TIC	A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B12	Prácticas individuais utilizando as TICS	50
Aprendizaxe colaborativa	A9 A10 A11 B1 B7 B9 B12	Prácticas en grupo mediante simulación	30

Observacións avaliación



Supérase a asignatura por medio da avaliación continua:

Superando as diferentes actividades de avaliación continua (en grupo, individuais, colaborativas e mediante as TICS). Establécese un traballo autónomo do 50% das prácticas fora da aula e un traballo autónomo e/o colaborativo que constitúe o 50% da nota desenrolando as actividades anunciadas nas plataformas online que corresponde coa entrega nos días lectivos de clase. (100% avaliación continua que constitúe: 50% traballo autónomo non presencial e o 50% traballo autónomo e/ou en grupo mixto).

Escollese fazer as actividades de avaliación continua, correspondendo a nota a suma da cualificación de todas as actividades.

Os profesores encargados desta materia poñerán a disposición dos estudantes as normas para o desenvolvemento dos traballos propostos para a súa avaliación continua.

Considérase que o alumnado está dentro da avaliación continua e, polo tanto, aplicarase o esquema de avaliación anterior se realizou os traballos no período lectivo nas datas fixadas para o seu desenvolvemento e entrega.

Para aprobar a materia, a nota final debe ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Na segunda oportunidade, os estudantes suspendidos terán que entregar unha versión mellorada dos traballos indicados polo profesor asignado, entregáranse o traballo/s 7 días antes da data oficial do exame. Unha vez publicadas as notas da primeira oportunidade, os estudantes deberán poñerse en contacto co profesor asignado nun máximo de 2 días despois de que as notas sexan publicadas, para que o profesorado poida indicar as orientacións adecuadas para os estudantes. O día do exame, fixado pola UDC, o alumnado poderá ser convocado para responder a unha serie de preguntas do traballo presentado e / ou preguntas teóricas, plantexadas polo seu profesor, a través de TEAMS (procedendo á gravación da devandita sesión). Os estudantes a tempo parcial e a xornada completa, estudiantado de dispensa académica e outra tipoloxía de alumnado recoñecida pola normativa da UDC, aplicarán o mesmo sistema de avaliación.

Lembrase que calquera estudante sorprendido ao realizar as probas de avaliación continua mediante calquera procedemento fraudulento terá asignada unha nota de cero na devandita actividade de avaliación continua (tanto na primeira como na segunda oportunidade)

As regras establecidas para estudantes xerais son as mesmas que para estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, exención académica de exención de asistencia ou calquera outro tipo de alumnado recoñecido.

O seguimento e avaliación continua por parte dos alumnos realízase durante o período lectivo das clases, así como a impartición, clases impartidas por profesores. Os estudantes deberán completar as actividades de avaliación continua segundo as regras e datas establecidas polos profesores para calcular as datas fixadas para a primeira oportunidade. Para a segunda oportunidade, o alumnado debe ter seguido a docencia durante o curso (datas escolares para a docencia), ter entregado e realizado actividades de avaliación continua para que poidan mellorar na segunda oportunidade segundo as instrucións do profesorado.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - William Rice, Susan Smith (2011). Técnicas de enseñanza con Moodle 2.0. Madrid: Anaya - Roldán Martínez, David. (2010). Moodle VS Sakai : Integración de Servicios y Aplicaciones. Madrid : Creaciones Copyright - William Rice, Susan Smith (2010). Moodle : desarrollo de cursos e-learning. Madrid : Anaya Multimedia - Rosaura Alastruey (2009). Empleo 2.0. Editorial UOC - Harvard Business School Publishing (2010). Leadership and Team Simulation: Everest facilitator´s guide. Harvard Business School Publishing - coordinadores, María González Menéndez, Rodolfo Gutiérrez Palacios, Miguel Martínez Lucio (2011). Gestión de recursos humanos : contexto y políticas. Navarra : Civitas - Fernández López, Javier. (2002). Gestionar la confianza un modelo integrador de las políticas de marketing y gestión de personas para alcanzar la excelencia. Madrid : Pearson Educación - Sánchez Fernández, María Dolores (2013). Gestion de recursos humanos. Madrid: Editorial CEP - Granjo Aguilar, Jesús (2009). Como hacer un plan estratégico de Recursos Humanos. Netbiblo - Caldas, María Eugenia, Lacalle Guillermo, Carrión Reyes (2012). Políticas de desarrollo de recursos humanos, promoción y control. Editex - Simon L. Dolan, Ramón Valle Cabrera, Susan E. Jackson y Randall S. Schuler (2007). La gestión de los recursos humanos. Madrid: McGRAW-HILL - Ríos Manríquez, Martha y Sánchez Fernández, María Dolores (2020). RESPONSABILIDAD SOCIAL EMPRESARIAL. LAS PYME EN UNA ECONOMÍA EMERGENTE. México: Fontamara
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" nesta materia deberán terse en conta as seguintes recomendacións:

1.- A entrega dos documentos producidos nos obradoiros das sesións presenciais que se realicen nesta materia:

1.1. Faranse en formato virtual e/ou soporte informático

1.2. Entregaranse a través da plataforma moodle, en formato dixital, 2.- Se o alumno ten a dispensa que contempla a udc para non asistir as sesións presenciais, as producións requiridas para a súa avaliación se farán todas agrupadas nunha única entrega en papel e para facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural de forma que non se empreguen plásticos e a impresión a dobre cara.

3.- Nesta materia traballarase para incorporar a perspectiva de xénero e identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influir na contorna para fomentar valores de respecto e igualdade.

4. Tamén facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria, adaptando para elo a metodoloxía de ensinanza- aprendizaxe e a avaliación a cada caso particular.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías